

ESENCIAIS

Castelao no Museo de Pontevedra

COLECCIÓN MUSEO DE PONTEVEDRA



MUSEO PONTEVEDRA

Pontevedra, 2021

ESENCIAIS

Castelao no Museo de Pontevedra

COLECCIÓN MUSEO DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Carmela Silva Rego
Presidenta

César Mosquera Lorenzo
Vicepresidente

MUSEO DE PONTEVEDRA

José Manuel Rey García
Director

TEXTO

José Manuel Castaño García

COORDINACIÓN EDITORIAL

Mª Ángela Comesaña Martínez

FOTOGRAFÍAS

Museo de Pontevedra

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Táktika Comunicación

EDITA

Museo de Pontevedra
Depósito Legal: PO 500-2021
ISBN: 978-84-124105-0-1
© dos textos, o seu autor
© da edición, Museo de Pontevedra

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

MUSEO PONTEVEDRA

Índice

1
Esenciais - Castelao

-7-

-8-
Castelao no Museo de Pontevedra

-22-
O Album Nós

-30-
A viaxe de 1921

-33-
Castelao e a Sociedad Polifónica

-36-
Castelao viñetista

-42-
Castelao artista e escritor

-52-
As cruces de pedra

-57-
Castelao e o cartelismo

-61-
Os álbums de guerra

-67-
Os debuxos de negros e outras creacións
realizadas en Cuba e Nova York

-71-
“Os meus compañeiros” e outras obras de Castelao
no exilio arxentino

-75-
Castelao líder do galeguismo

2
Anexos

-81-

-83-
Como reuniu o museo as obras de Castelao
que conserva?

-85-
Datos biográficos

-93-
Bibliografía

3
Salas do Museo

-99-

Castelao no Museo de Pontevedra


JOSÉ MANUEL CASTAÑO GARCÍA

Castelao no Museo de Pontevedra

Facer un percorrido polas salas que o Museo de Pontevedra dedica á figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao proporciona unha ampla visión da súa actividade como artista, na que sobresaíu pola súa dedicación á caricatura e ao debuxo humorístico. Esta faceta creativa estaría, aos poucos anos, moi vencellada á súa condición de escritor e político galeguista, aspectos tamén presentes na extensa colección conservada pola institución pontevedresa.

Todos os pasos que foi dando no ámbito da creación gráfica están recollidos a través dunha ampla selección de obras que conserva o Museo, algunhas desde 1931, pouco despois de que abrise as súas portas ao público en 1929. E é que Castelao foi un dos impulsores e membro do primeiro padroado desta institución, continuadora do labor pioneiro que levara a cabo a Sociedad Arqueológica, coa que tamén colaborara.


Cruceiro, O guía da danza de espadas, *O cego de Taragoña*, *O Viático, Gaivota*, *Cons*, *Penedos*, *Terras de Montaña*, *O Paraño, Cachoupo* e *Vento Mareiro* foron as once obras que o artista depositou o 31 de decembro de 1931 para enriquecer a sala de arte galega. Son todas elas creacións en cor de pequenas dimensións realizadas sobre papel ás que el chamou impropiamente, pois non son gravados, estampas. Realizounas entre 1920 e 1926 a pluma e tintas sobre un fondo de augada* .



Vento mareiro
Ca. 1921
Técnica mixta / papel

Os contemporáneos do artista resaltaban os seus dotes na representación das árbores ou na escuma da auga do mar axitada polo vento.

Unha versión deste deseño foi publicada en 1921 na cuberta da segunda edición do libro *Vento mareiro* de Ramón Cabanillas.



Cachoupo
Ca. 1922
Técnica mixta / papel

A representación en primeiro plano deste castiñeiro que se resiste a morrer é outro bo exemplo da destreza de Castelao na representación das árbores, un motivo que o atraía.

Deste deseño contamos con diversos bosquexos preparatorios realizados a lapis. Unha versión del foi publicada en 1922 na cuberta do libro *Cadencias* de Herminia Fariña, outro exemplo dos moitos libros que ilustrou.

* Nota: Pódese ver a situación destas obras e todas as que se expoñen nos planos das salas que se mostran nas páxinas 101 e 103.

Das mesmas características ca elas son, *Mendiño*, *Mariñeiro cego*, *O cego e a filla*, *O castiñeiro do val*, *Picariños* ou *O neno das piñas* que, con posterioridade, enriquecerían a colección do Museo. Estas obras expóñense na primeira das salas que se lle dedican no Sexto Edificio Castelao.



Mariñeiro cego
Ca. 1920
Técnica mixta / papel



O neno das piñas
Ca. 1926
Técnica mixta / papel

Do 21 de xuño ao 15 de agosto de 1926, esta obra exhibiuse na Exposición de Arte Gallego celebrada no pazo de San Clemente en Santiago de Compostela.

O artista, que non quixera exercer como médico, chegou á cidade de Pontevedra en 1916 para tomar posesión dunha praza como funcionario de estatística e desde entón residiría nela a maior parte da súa vida, ata xullo de 1936 cando o comezo da Guerra Civil española o sorprende en Madrid, onde estaba a formar parte da comisión que acudiu ao Congreso dos deputados para entregar o relatorio do Estatuto de Autonomía de Galicia. Daquela xa non podería regresar á súa Pontevedra, cidade na que manifestou sempre sentirse moi a gusto e a que soñou con poder regresar algún día.

Con anterioridade á súa chegada á cidade do Lérez xa era un artista coñecido. Realizara caricaturas de diferentes personaxes, ilustrara libros, acadara a medalla de ouro na Primera Exposición Regional Gallega, participara no Salón de Humoristas de Madrid, pintara cadros de grande formato, ilustrara, entre outras publicacións periódicas, os dez primeiros números da revista *Vida Gallega* e o semanario *El Barbero Municipal*.



Conservamos algunhas das pranchas empregadas para a impresión dos debuxos que Castelao fixo para o semanario *El Barbero Municipal* editado en Rianxo desde 1910 a 1914.

Desta etapa anterior a 1916, expóñense unha serie de obras moi significativas, algunhas delas realizadas para publicacións que se editaban en Galicia, Madrid ou Bos Aires. Outras foron presentadas polo artista a certames e algunhas, sobre todo de grandes dimensións, creounas para decorar espazos de establecementos públicos.



El tonto del pueblo
1911
Tinta / papel

Este debuxo foi publicado no núm. 2 da revista *Mi Tierra* (Ourense) en xullo de 1911. Nel, igual que ocorre con "Hache pesar", exposto ao seu carón e publicado na mesma revista, apreciase a influencia do modernismo e da arte xaponesa.

Consérvanse ademais no Museo os esbozos de diferentes detalles. Nalgúns aparece a nena, noutros o can e noutros o mozo. Son exemplos da busca duns personaxes que lle servisen de modelo ou arquetipos para as súas composicións.



O cego de Padrenda
1910
Óleo / lenzo

Procede do desaparecido Café Calixto de Cambados.

As características destes personaxes aseméllanse aos debuxos humorísticos publicados en *Vida Gallega*. Son como caricaturas e nun tamaño moi grande coloreadas ao óleo.

Tamén contamos con varios debuxos nos que o artista nos ofrece unha imaxe de si mesmo, algún deles en compañía da súa dona Virxinia Pereira, con quen casou na Estrada en 1912.









Recibe ao visitante un dos seus autorretratos emblemáticos, realizado en 1914, onde se mostra case que de corpo enteiro. É froito da evolución e esquematización doutros anteriores, que tamén conservamos, nos que vai amosando a súa capacidade para a representación sintética e expresiva da súa personalidade. Igual ocorre cos retratos que trazou doutros persoeiros, entre os que se expoñen os de Basilio Álvarez, Vicente Risco, Losada Diéguez, ou Ramón Cabanillas.

Como se pode apreciar na vitrina colocada na mesma sala, esta autocaricatura ilustrou en 1917 a cuberta de *Algo acerca de la caricatura*, publicación que recolle a conferencia do mesmo título que impartiu en diferentes localidades de Galicia. Nela expresaba a súa visión desta modalidade artística que segundo a súa opinión debía recoller os trazos esenciais da personalidade das persoas retratadas, para o que, a modo de exemplo, realiza varios debuxos.





Caricatura de Vicente Risco
Ca. 1919-20
Lapis / papel



Caricatura de Antón Losada Diéguez
Ca. 1920
Lapis / papel



Caricatura de Basilio Álvarez
Ca. 1914
Técnica mixta / papel

Esta é unha das dúas obras que conservamos onde Castelao representa o seu amigo Basilio Álvarez Rodríguez (1877-1943), O cura de Beiro, un dos fundadores e líder da asociación agrarista Acción Galega. En ambas as dúas representacións apréciase como o artista resalta a súa condición de grande orador.

As caricaturas expostas son un pequeno exemplo do grande conxunto conservado. Entre elas sobresaen, en canto ao número, as máis de vinte con persoeiros pontevedreses e as trinta e seis que plasmou nas tarxetas cos menús da cea de Entroido que se celebrou no Liceo Casino de Pontevedra en 1918.

Os tres óleos de grandes dimensións que Castelao compuxo en 1915, por encargo da familia Peinador para o Hotel Balneario de Mondariz, ocupan un amplo espazo da primeira sala. Estes lenzos, depositados pola Real Academia Galega, non chegaron noutrora a formar parte da colección do Museo dado que este non contaba, cando pechou o célebre balneario e tivo oportunidade de adquirilos, con salas de dimensións suficientes para a súa exhibición, como ocorrería finalmente coa creación dun sexto edificio que desde 2021 leva o nome do propio artista.

Son representacións de persoas cegas, unha temática que protagoniza varios cadros que pinta neses anos e mesmo en épocas posteriores, se cadra porque





agochaban para el un significado simbólico na representación de Galicia, e coa que se sentía identificado dado os problemas oculares que padeceu en 1914 e que volverían a manifestarse anos despois.

Presenta os cegos destes cadros, semellantes aos que podía obervar en feiras ou romarías, nun primeiro plano, sobre unha paisaxe que cobra relevancia con respecto a outras obras anteriores. É unha paisaxe que el non copia como a está a ver senón que a compón a base de mesturar fragmentos reais de distintos emprazamentos.





Son obras onde o debuxo prima sobre a cor, dunha estética propia do 98, nas que se aprecia a influencia do seu amigo o pintor Xesús Corredoyra e mesmo de Valle-Inclán.

Este mesmo tema protagoniza o tríptico *Cuento de ciegos* co que obtén neste mesmo ano a Terceira medalla na Exposición Nacional de Bellas Artes celebrada en Madrid. Deste tríptico consérvanse dúas escenas, unha delas, a que formaba a parte central, forma parte da colección do Museo.



Cuento de ciegos
1915
Augada / papel

Parte central do tríptico premiado na Exposición Nacional de Bellas Artes de 1915.

En 1918 Castelao regaloulla, como agasallo de voda, ao pintor coruñés Francisco Lloréns

Móstranse tamén na primeira sala algúns dos óleos sobre cartón de pequenas dimensións realizados cara a 1922 nos que a paisaxe galega é a única protagonista.

Son dunha época na que xa abandonara a súa condición de pintor de cadros ao óleo de gran formato para centrarse na súa especial condición de debuxante, unha faceta para a que estaba moi capacitado.



Cruceiro da carballeira
Óleo / cartón

Ao óleo tamén pintou o burriño co que decorou a tapa da caixa das súas pinturas que se expón na vitrina central da sala.



Burriño
Óleo / táboa

Ademais desta ocasión, en que representa un asno ao óleo na tapa da caixa das súas pinturas, estes animais de carga tan empregados naquel tempo protagonizarían outros debuxos seus. Así acontecería anos despois coa ilustración que acompaña ao relato "O burro non bulía nin chisco" que formou parte do *Segundo libro de Cousas*, publicado en 1929.

Na representación da paisaxe, que adoita compoñer con distintos elementos tomados en lugares diferentes, desempeñan un papel moi relevante os debuxos que realizou nos arredores da Estrada, a eles desprazábase desde a casa familiar da súa dona no centro da vila. Son a igrexa románica de Ouzande, a torre medieval e pazo barroco de Guimarei e unha vella ponte sobre o río Liñares. Estas obras, a partir das que iría creando composicións posteriores, tamén forman parte da colección do Museo.







Cabeceira da igrexa de Ouzade

Acceso ao recinto da torre e pazo de Guimarei

Ponte con figuras

1912
Técnica mixta / papel



Rectoral
Ca. 1912
Técnica mixta/papel

Neste debuxo incrusta unha das vistas que realiza da igrexa de Ouzande en medio dunhas construcións que non había á súa beira. Sobre esta paisaxe inexistente, tal como el a representa, colocará posteriormente a figura dun crego no óleo *O crego de aldea* pintado en 1917.

A representación dun vello fidalgo ante a súa torre e pazo medio arruinado, co que quere amosar a crise da fidalguía, é outra boa mostra da súa forma de compoñer. Deste motivo irá realizando diferentes versións nas que xoga cos personaxes e cos elementos arquitectónicos.



El último hidalgo de gotera
1915
Técnica mixta / papel

Este debuxo foi publicado no nº 20 de *La Ilustración Española y Americana* en maio de 1915.

Nel identifícanse ben os motivos de onde parte pero transfórmaos lixeiramente. Así entre outras accións, coloca na torre unha ventá que non se acha nesa cara, reduce a distancia entre a parte central do pazo e a torre e esboza unha labra heráldica na fachada do pazo diferente á real, que el mesmo recolleu noutro debuxo que se conserva na colección do Museo.

O Álbum Nós



Aínda tendo en conta a relevancia das obras realizadas por Castelao antes de instalarse en Pontevedra, será aquí, na cidade do Lérez, onde a súa figura adquira unha notoriedade maior. É nela onde experimenta un cambio ideolóxico cara ao galeguismo que se manifesta nas súas creacións artísticas. O mellor exemplo deste cambio foi a realización do conxunto de debuxos que denominou *Álbum Nós*, unha colección excepcional que expuxo por diversas cidades de Galicia, e mesmo en Madrid, entre 1920 e 1924.

A aparición en 2016 dos debuxos orixinais deste álbum –en paradoiro descoñecido desde a súa publicación en 1931– nos traballos de preparación da mostra *Meu Pontevedra!* coa que o Museo celebrou os cen anos da chegada de Castelao á cidade do Lérez, foi un feito dunha gran transcendencia e permitiu contemplalos por primeira vez desde a súa última exhibición, en Santiago, en 1924, esta vez nas salas do Museo, onde estiveran a piques de expoñerse en 1929.

Rematada a mostra e depositados nesta institución, foi preciso readaptar as salas Castelao creando un recinto de seu onde se exhibe este conxunto de 51 obras composto por 49 debuxos numerados, o autorretrato e o ex libris que deseñou para indicar a propiedade sobre os libros da súa biblioteca.

Amósanse estas obras respectando a montaxe primitiva das exposicións mencionadas, onde aparecían pegados a unhas láminas de cartolina. Estas presentan na parte superior dúas perforacións polas que poderían pasar dúas argolas para agrupar todas as láminas formando un álbum. A diferencia dos orixinais recuperados, na publicación de 1931 estas aberturas faríanse nos laterais e por elas pasáronse dúas tiras de coiro para ensamblar o conxunto.



Se cadra inspirado no álbum *Los Caprichos* de Goya, Castelao deseñou estes debuxos cun predominio de cores ocres e unha aparencia de gravados á augaforte.

Dando paso a este conxunto excepcional, que o artista consideraba en 1920 o mellor que fixera, móstranse uns debuxos cos que xa contaba o Museo. Son creacións preparatorias ou mesmo versións practicamente iguais ou con lixeiras diferenzas ás que finalmente se publicaron en 1931 en Madrid.





A figura do pai no debuxo do emigrante que regresa enfermo para morrer na súa terra, que formaba parte das exposicións do *Álbum Nós*, cando menos ata a de Ourense de 1922, desaparece na versión publicada en 1931. Tamén desta primitiva versión conserva o Museo un esbozo a lapis da mesma escena con lixeiras variacións.



Aínda que non están expostos, garda tamén o Museo unha serie de esbozos, realizados sobre todo a lapis con detalles significativos dos motivos desenvoltos nos debuxos definitivos.






Do debuxo que se publicou co nº 5 en 1931, onde o artista critica, como lle gustaba facer, médicos, avogados e boticarios, dispoñía o Museo, con anterioridade á recuperación dos orixinais, dunha serie de esbozos preparatorios, algúns deles trazados sobre papeis que levan impreso o nome do organismo oficial onde o artista traballaba como funcionario.

As obras recuperadas presentan os pés manuscritos polo seu autor a lapis e non coa coidada caligrafía a tinta azul escura dos publicados. Nalgúns casos obsérvase entre os textos editados e os orixinais pequenas diferenzas no contido, como algunha palabra distinta ou sobre todo algún signo ortográfico ou de puntuación.





Nos debuxos expostos apréciase como Castelao pon a súa arte ao servizo do seu pensamento político, quere ofrecer a súa visión dos problemas da Galicia campesiña e mariñeira da súa época, especialmente da emigración representada en seis escenas, do funcionamento da xustiza ou das diferentes cargas que debía afrontar o campesiñado galego, xa fosen señoriais, do estado ou da igrexa. Así o indica no prólogo da publicación de 1931: "Certo







que a tristura d´estes dibuxos queima com´a raxeira do sol que pasa por unha lupa; mais eu non quixen cantal´a ledicia das nosas festas nin a fartura dos casamentos, senón as tremendas angurias do decotío labrego e mariñeiro".

Se ben neste prólogo sinala que os realizou entre 1916 e 1918, algún é claramente posterior ou lixeiramente anterior. Así o pé do debuxo número 10 alude ao suceso tráxico de Sofán acaecido en 1919, ou unha versión case que igual ao número 45 xa aparecera publicada en 1915, na revista *La Ilustración Española y Americana*.

Por outra banda, algunhas das obras son claramente o froito da evolución doutras que se remontan a 1912, por exemplo *A tola do Monte* que sería plasmada no debuxo número 35 do *Álbum Nós*.



Os personaxes do debuxo nº 8 do *Álbum Nós* (dereita) son o último chanzo na evolución da composición da esquerda onde a conversa entre un pai e o seu fillo ten lugar diante da ábsida dunha igrexa románica que non é outra que a igrexa de San Lourenzo de Ouzande, xa citada.

Entre ambos hai cando menos tres versións. Nelas o artista cambiou o motivo do fondo, primeiro substituíndo a igrexa por unha árbore e logo por dúas. Os personaxes non se modificarían substancialmente ata que cambian definitivamente de posición no *Álbum Nós* e se representa o pai máis vello ao tempo que aperta a man do mozo tratando de convencelo para que non emigre, tema desvelado no pé escrito de todas as versións, agás a primeira.

Case de forma simultánea á realización e exhibición dos debuxos de *Nós*, Castelao publicou versión deles, en *A Nosa Terra* ou en *El Sol*. Son versións de factura máis simple nas que, ás veces, adoita cambiar o título e o pé escrito que os acompaña.

Os orixinais recuperados son os publicados en 1931 nun álbum dunha grande calidade do que contamos con exemplares especiais. Mais, a pesar da coidada edición destes, os orixinais que poden contemplar os visitantes que percorren o recinto expositivo permiten apreciar matices e cores que non perciben neles. Ademais poden observar que o seu tamaño é aproximadamente un 20% maior.

Tamén debe terse en conta que algunhas das obras que figuraron nas exposicións dos anos vinte do *Álbum Nós* puideron ser substituídas na edición en 1931 por outros de características semellantes e mesmo algunhas delas non se chegaron a publicar.



Oxe sácase anima
Ca. 1916-1918
Técnica mixta / papel

Este debuxo formou parte da exposición do *Album Nós* celebrada en Ourense en 1922 pero non se incluiría finalmente na publicación da serie en 1931.



A paisaxe non se come, meu vello
Ca. 1916-1918
Técnica mixta / papel

Este é outro dos debuxos que conserva o Museo con características similares aos da serie publicada en 1931 que non chegou a formar parte dela.

Unha versión sen a técnica da augada foi publicada, como algúns dos debuxos do *Álbum Nós*, no xornal madrileño *El Sol* o 6 de xullo de 1918. Neste caso a lenda recolle o que dí cada un dos personaxes: *Nosas paisaxes son fermosas / Si, mais con iso sóo non se come.*

De características semellantes a estes debuxos, e realizada polas mesmas datas, é a autocaricatura que da acceso ao recinto. Nela vemos o autor cos seus anteollos característicos, lentes que conservamos e que se expoñen cos seus estoxos na vitrina central da sala anterior.



A viaxe de 1921

Un feito que marcou a súa traxectoria artística foi a viaxe de estudos que realizou en 1921 por Francia, Bélxica e Alemaña co obxectivo de coñecer os movementos artísticos contemporáneos e estudar as técnicas do gravado para poder así reproducir os seus debuxos, como expresa na solicitude que o ano anterior fixera á Junta de Ampliación de Estudios para que lle sufragase a viaxe.


Deste itinerario, que durou nove meses, conservamos o diario manuscrito no que en 222 páxinas foi anotando todas as vicisitudes do seu percorrido e as súas reflexións sobre os creadores e as obras que estaba a contemplar, deixando unha morea de nomes de artistas, museos, monumentos, salas de exposicións, concertos, experiencias vividas, comentarios artísticos e desexos que cumprir.

En medio dos parágrafos manuscritos pegou diferentes debuxos, entre eles moitos que volvería representar ou reinterpretar en futuras creacións.





Influídos por esta viaxe están algúns dos cadros que se expoñen, entre eles *Retrato de home* e *Asceta*. E como unha obra moi particular, afastada da súa temática e estilo, as cinco pequenas escenas de café nas que se achega ás vangardas expresionistas alemás.










Na súa estadía en Alemaña Castelao aprende a técnica de gravado sobre pranchas de linóleo, un material industrial barato que se usaba para revestir chans e que fora empregado tamén a partir de 1905 polos artistas expresionistas de Die Brücke para os seus gravados. Con esta técnica traballaría en moitas das súas creacións, sobre todo na confección de carteis, ilustracións de libros e revistas, ex libris e outros deseños.

Coa caixa de gubias, exposta na primeira sala, que mercara na viaxe, axiña comezaría a traballar ao seu regreso a Pontevedra. Aquí iniciaría, nesta técnica sinxela e chea de posibilidades, un grupo de artistas mozos.





Castelao e a Sociedad Polifónica

Son moitas as referencias á participación de Castelao en diferentes institucións pontevedresas coas que colaborou, entre elas a Sociedad Filarmónica de Pontevedra que bota a andar en febreiro de 1921 para fomentar o cultivo da arte musical mediante a celebración de concertos instrumentais e vocais, para a que fixo o deseño exposto na vitrina, ou a Sociedad Coral Polifónica, fundada en 1925, para a que realizou o logotipo e sobre todo os panos dos escenarios das súas actuacións.



Logotipo para a Sociedad Coral Polifónica
1925
Técnica mixta / papel

Despois de bosquexar a imaxe do San Ero de Armenteira, o artista decidiuse ao final por representar a figura do Rei David sentado no seu trono e tocando o rabel, esculpida nunha das xambas da portada de Praterías da catedral de Santiago de Compostela. Rodeando o rei, colocou un filacterio coa inscrición cun tipo de letra inspirada na Idade Media.

Este motivo tamén o utilizaría no pano que se abría ao comezo do concerto e que estaría baixado nos entreactos e nos cambios de escenario.

Consérvanse oito dos dez panos que pintou Castelao, depositados pola Polifónica no Museo. Son dunhas dimensións tan grandes que non é posible expoñelos, aínda que algúns se mostraron en concertos históricos, como foi o que ofreceu a *Sociedad Coral Polifónica* en 2016 conmemorando os cen anos da chegada de Castelao á cidade de Pontevedra.

O Museo conserva ademais diversos esbozos e deseños que realizara para as actuacións desta institución que chegaría a presidir entre 1929 e 1932.



Rosetón
1926
Técnica mixta / papel

A representación dun gran rosetón gótico, de seis metros de ancho e nove de alto, inspirado no da igrexa de San Francisco de Pontevedra, protagoniza o cuarto dos cinco panos creado para o primeiro concerto da Polifónica que se celebrou en Pontevedra o 23 de marzo de 1926.

É un dos que debían estar baixados para ocultar os cantores durante as interpretacións de pezas de música relixiosa, dando a impresión de que se escoitaba desde fóra dunha igrexa.



Portada románica
1926
Técnica mixta / papel

Esta obra, inspirada na portada da igrexa do mosteiro de Armenteira, foi posiblemente un esbozo para un pano no que, finalmente, se representaría a portada da igrexa do mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro, un dos dous panos que non se conservan.

Castelao viñetista

Da amplísima participación de Castelao como viñetista na prensa diaria, conta o Museo cunha extensa colección do seu labor no xornal *Galicia* e en moita menor medida en *Faro de Vigo*, publicacións cunha numerosa tirada que contribuíron a facelo moi popular. Tamén dispón dun conxunto de esbozos preparatorios dalgúns dos debuxos que se publicarían nestes e noutros medios.

Galicia. Diario de Vigo comezou a editarse o martes 25 de xullo de 1922 e pechou o 15 de setembro de 1926. Nel, ademais de deseñar a tipografía da súa cabeceira, colaborou con numerosísimas caricaturas que foi publicando baixo diferentes denominacións ata que adoptou maioritariamente a de "Cousas da Vida".


COUSAS DA VIDA, por CASTELAO

—E vos fodendo cuitpos, ¿por qué vos estudiar para abogado?

GALICIA

DIARIO DE VIGO

AÑO 1923 = NÚMERO 363 = DOMINGO, 30 DE SEPTIEMBRE

AVANCES TELEGRÁFICOS

NOTICIAS DE PORTUGAL

Colisión entre pabanes y guardias.—Cuatro muertos y muchos heridos

AVISO A LOS MARINOS

EN LA COSTA DE PORTUGAL

LA VIDA LOCAL

VIGO AL DIA

EN LOS SALESIANOS DEL ARENAL


Ao longo de 1925 enviou a *Galicia* os debuxos da serie "Os Homes", un conxunto de setenta creacións que se conservan no Museo de Pontevedra. Cunha escolma de cincuenta delas crearía en 1930 o libro *Cincoenta homes por dez reás*. Deste conxunto exponse unha reducida pero significativa mostra pois a falta de espazo non permite amosalo na súa totalidade, ademais faría excesivamente longo o percorrido que terían que facer os visitantes.

Os temas desta serie non mostran o nivel de denuncia ou reivindicación que se percibe nos debuxos do *Álbum Nós* ou nos publicados en *El Sol* ou en *A Nosa Terra*. Aínda así, nalgúns tamén está presente a crítica ao funcionamento da xustiza ou a visión negativa que o seu autor ofrece da emigración.

Os espectadores que contemplan estes debuxos poden observar como os pés manuscritos que os acompañan amosan emendas e riscadas. En calquera caso son complementarios das imaxes, sen eles estas non se entenderían plenamente.

Tamén poden reparar no selo correspondente á censura da ditadura do xeneral Primo de Rivera coa que foi moi combativo o xornal vigués, que pecharía o 15 de setembro de 1926.









Conta o Museo ademais cos debuxos da serie "As Mulleres", un conxunto moito menos numeroso.





En outubro de 1926, un mes despois do peche do diario *Galicia*, Castelao comeza a colaborar periodicamente no xornal *Faro de Vigo*, publicación dunha liña editorial moi diferente á de *Galicia* e ao galeguismo, pero que lle pagaba moi ben as súas colaboracións consistentes en dous debuxos á semana. Esta colaboración remataría o 9 de abril de 1933.

Desta ampla participación, tamén baixo o título de "Cousas da vida" conta o Museo con algúns exemplos.



Cousas da vida. Todos din que Galicia é moi bonita
Publicado en *Faro de Vigo* o 22-05-1932
Tinta / papel

No diálogo desta viñeta Castelao volve a un tema que representara cara 1916 – 1918, nun debuxo que conservamos coas características dos do *Álbum Nós*, pero que non o chegara a publicar na edición de 1931, como si o fixo o 6 de xullo de 1918 no xornal *El Sol*.



Cousas de Vida
Debuxo publicado en Faro de Vigo o 6-03-1932
Tinta / papel



-Hay criminales que aínda non cometeron o crimen
-Si home, si. E hay caciques que aínda non chegaron a ministros.

Publicado en *Faro de Vigo* o 11-02-1932
Tinta / papel

Ademais de todos estes orixinais conserva o Museo cinco álbums nos que o daquela xa moi popular caricaturista reuniu os debuxos publicados, recortándoos dos distintos xornais en que foron saíndo e pegándoos nas súas páxinas.



Se se comparan os debuxos orixinais cos publicados, apréciase nestes últimos unha franxa gris sepia que serve de fondo ás liñas de contorno, un efecto froito do traballo do impresor e non creado polo artista.


Castelao artista e escritor

Noutro apartado da segunda sala exhíbese unha selección das creacións orixinais que o Castelao artista realizaría para ilustrar as obras do creador literario no que tamén se convertera.

Se ben esta escolma é reducida, conta o Museo na súa colección con todas as ilustracións que acompañaron os relatos dos dous libros de *Cousas*, publicados en 1926 e 1929, a súa novela *Os dous de sempre,* 1934, e as dúas versións manuscritas da obra de teatro *Os vellos non deben de namorarse*, estreada en Bos Aires en 1941.

De *Un ollo de vidro*, o seu primeiro libro, publicado en 1922 en Ferrol pola Editorial Céltiga, co número 7 na súa colección mensual de novelas breves, ademais dun orixinal mecanografado, conserva moitos debuxos e bosquexos preparatorios para a cuberta feitos a lapis e tinta con diferentes representacións de

caveiras e os debuxos de *O enterrador, meu amigo* e o *Vampiro,* a primeira e a última das ilustracións interiores do libro. As ilustracións definitivas serían gravados ao linóleo.



Bosquexos para *Un ollo de vidro*
Ca. 1922
Lapis / papel



Versión de *O enterrador, meu amigo*, ilustración de *Un Ollo de vidro*
Ca. 1922
Técnica mixta / papel

Neste debuxo, xunto aos violentos contrastes de negros e brancos que imitan os efectos do gravado ao linóleo, destaca a presenza dunha tinta de cor sepia sobre o rostro cuberto de engurras do personaxe que non aparecerá no gravado ao linóleo da ilustración final.

Co título Cousas, Castelao creou unha serie de relatos curtos que acompañou cada un deles cun debuxo que aludía á narración ou representaba un instante dela. Moitos saíron na prensa e logo recolleunos en dous libros, o primeiro publicado en 1926 pola editorial Lar baixo ese mesmo título e o segundo en 1929 pola editorial Nós. Esta mesma editorial reuniría en 1934 nun único volume os dous libros anteriores.

Ademais das 19 ilustracións orixinais para a portada e os relatos do primeiro libro e as 26 do segundo, conserva o Museo algúns debuxos nos que se aprecian variacións sobre os finalmente publicados.



Debuxo orixinal para a portada de *Cousas*
Tinta a pluma / papel

Esta obra é un exemplo da pegada que deixou no artista o modernismo, un movemento artístico de finais do século XIX e principio do XX ao que volve recorrer nesta época tan tardía polo seu aspecto decorativo inspirado na natureza.

Ademais, para este estilo, un libro debía ser moi atractivo fisicamente, algo que Castelao coidou especialmente nos deseños dos seus libros ou dos que creou para outros escritores.



A aldea esquecida
Tinta a pluma e pincel / papel

Debuxo publicado en 1926 no libro *Cousas* e previamente no xornal *Galicia* o 9 de novembro de 1924.



O profundador
Tinta a pluma e pincel / papel

Publicado en Galicia o 30 de novembro de 1924.



Realizada a pluma e pincel sobre un fondo de augada e tintas, esta célebre estampa de contido simbólico mostra a escena que aparece descrita en "A carón da natureza", o prólogo de *Cousas*, aínda que, a diferenza das demais narracións, non se representa no libro.

Anoitecía. A silueta negra dun pino dibuxábase no azul escuro do ceo. Todos sabedes que na primaveira os pinos botan milleiros de velas collendo eisí os aspeito de candieiros xigantes. ¡Cantas veces sentimos desexos de alcendélas velas dos pinos! Pois ben, perto de meu pino acertóu a pasalo Viático aldeán (o crego, dous rapaces, catro mulleriñas que van rezando) e ¡ou milagre! O irmán pino, sentindo o momento relixioso i en homenaxe á Sagrada Forma, alcendéu as súas velas, que estiveron acesas namentralo Viático non se perdeu na revolta do camiño.

A idea de representar o piñeiro que se acender ao pasar o Santísimo, figuraba xa nas páxinas do *Diario* de 1921. A ela tamén se referiría nalgunha das súas conferencias posteriores.



Cuberta do *Segundo libro de Cousas*
Tinta a pluma e pincel / papel



Ilustración do relato "No mar había un afogado". *Segundo libro de Cousas*
Tinta a pluma e pincel / papel



Ilustración do relato "O bruxo da montaña". *Segundo libro de Cousas*
Tinta a pluma e pincel / papel

Da novela *Os dous de sempre*, publicada en 1934 no día de Galiza pola editorial Nós, garda o Museo os 45 debuxos orixinais que Castelao trazou a tinta, pluma e pincel para ilustrar os episodios das vidas dos protagonistas, dous rapaces galegos cunha personalidade diverxente.




Catro ilustracións de *Os dous de sempre*
Tinta a pluma e pincel / papel

Tamén conta cun exemplar especial e único desta obra. Trátase dun tomo, luxosamente encadernado en coiro no que o artista coloreou a man cada un dos debuxos impresos nel.



Exemplar especial coloreado a man de *Os dous de sempre*
Tinta a pluma e pincel / papel

Esta condición de único sublíñase ademais na dedicatoria manuscrita, onde o escritor e artista se dedica a si mesmo esta obra, ou mellor dito, dedícalla á outra faciana súa: a de funcionario.



Dedicatoria manuscrita do exemplar especial coloreado a man de *Os dous de sempre*

A diferenza das outras obras literarias, as ilustracións dos relatos de *Retrincos,* publicados en 1934, serían realizadas por Carlos Maside.


Do interese que Castelao manifestou polo teatro, conserva o Museo diversos testemuños, expoñendo unha mostra dos orixinais da obra teatral *Os vellos non deben de namorarse*, compostos polos textos manuscritos, as ilustracións cos personaxes e os escenarios, as propias partituras musicais, ou as máscaras que levarían os actores durante a representación. Esta obra, que remataría en Nova York en 1939 e estrearía en Bos Aires en 1941, tivera a súa orixe en Pontevedra, cando en 1933 compuxo *Pimpinela*, peza daquela independente pero que finalmente, con algúns arranxos, constituirá o terceiro e último lance.



Portada do primeiro orixinal manuscrito e ilustrado de *Os vellos non deben de namorarse*

En 1999 o Museo adquire este orixinal manuscrito e ilustrado encadernado en pel que o artista regalara ao seu grande amigo Rodolfo Prada en 1940, como indica a dedicatoria.

Ao estar encadernado, non se puideron expoñer ningún dos debuxos orixinais que compoñen este exemplar.



Cuberta da segunda versión manuscrita e ilustrada de *Os vellos non deben de namorarse*

O orixinal desta segunda versión está formado por 55 follas manuscritas, nove follas de papel pautado coas adaptacións musicais e trinta e tres láminas con ilustracións para escenografías. Todas elas dentro dun cartafol de cartón forrado con tea e rotulado polo artista.

Ingresou no Museo en 1999 como doazón dos herdeiros de Álvaro Gil Varela.

Xa no *Diario* de 1921, impresionado polo moderno teatro ruso que estaba a ver, o daquela artista e agora tamén creador teatral, deixara constancia da súa pretensión de crear un Teatro da Arte que tendo en conta elementos esencias da cultura tradicional, como as festas populares, fose expresión plástica da identidade galega, a través dun espectáculo global no que se fusionaría a literatura, a mímica, a música, o canto de coros populares, danza, luminotecnia, escenografía... Con esta finalidade plasmou nas páxinas do diario o argumento de varias pezas breves.



Deseño para a escenografía de *Pimpinela* incluída na primeira versión manuscrita de *Os vellos non deben de namorarse*.



Deseño para a escenografía de *Pimpinela* incluída na segunda versión manuscrita de *Os vellos non deben de namorarse*.



A botica, na primeira e na segunda versión manuscrita de *Os vellos non deben de namorarse*.





Bosquexos para *Ballet Galego*
1934
Técnica mixta / papel

Posiblemente para completar a posta en escena de *Pimpinela* son os catro figurinos expostos cos que o artista trataba de afondar nas posibilidades teatrais do folclore galego. Son unhas imaxes cheas de cor e dinamismo, influenciadas polas representacións teatrais rusas vistas en París.




Dúas das máscaras deseñadas e pintadas por Castelao para a estrea de *Os vellos non deben de namorarse*, no Teatro Mayo de Bos Aires, o 14 de agosto de 1941. Foran modeladas polo escultor Domingo Maza

Co uso de caretas quería solucionar a falta de actores, podendo dese modo posibilitar que unha mesma persoa puidese interpretar diferentes papeis, saíndo cunha careta diferente en cada escena. Esta ídea xa a manifestara en 1934 cando estaba traballando en *Pimpinela*. Era un recurso dramático que se utilizaba nos Teatros de Arte e que tamén lle permitía ao artista incrementar os valores plásticos da escenografía.

Da colaboración con Valle-Inclán, quen lle pediu que deseñase os decorados e o vestiario para a representación da súa obra *Divinas palabras,* consérvanse un figurino do vestiario e dous bosquexos da escenografía.

Os deseños de Castelao, para Valle-Inclán o artista que máis autenticamente representaba o espírito de Galicia, ofrecían unha visión chea de cor dos personaxes e paisaxes galegas.







Bosquexos para a escenografía de *Divinas palabras*
1933

As cruces de pedra



O estudo das cruces e cruceiros centrou o interese de Castelao como investigador da arte popular de Galicia ao longo de moitos anos, ata a publicación definitiva da súa obra *As cruces de pedra na Galiza*, editada en 1950 en Bos Aires. De todos os pasos que foi dando na confección deste estudo conserva o Museo os traballos preparatorios, con multitude de apuntamentos e notas manuscritas, correspondencia, conferencias, bosquexos previos; os debuxos definitivos que ilustrarían as súas páxinas; o libro escrito a máquina con correccións e riscadas; e, finalmente, un dos exemplares especiais asinados polo autor.









Debuxos orixinais das ilustracións e láminas publicados en *As cruces de pedra na Galiza*
Realizados entre 1924 e 1934
Técnica mixta / papel

O interese de Castelao no labor de investigación e divulgación do patrimonio cultural de Galicia púxose de manifesto en Pontevedra en 1922 coa súa integración na Xuntanza de Estudos e Investigacións Históricas e ao ano seguinte no ingreso no Seminario de Estudos Galegos, comezando a traballar desde entón no estudo dos cruceiros de Galicia, traballo que o Seminario non chegaría a publicar como estaba previsto como consecuencia do comezo da Guerra Civil en 1936.

"As cruces de pedra na Galiza" foi o tema do seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, do que conserva o Museo diversos documentos. Tamén garda o texto da conferencia "Os cruceiros da Galiza" pronunciada o 4 de abril de 1935 na Semana Cultural de Porto, un relevante encontro cultural luso galego.

En 1929, para tratar de afastarse da dor e tristura producida pola inesperada morte de Alfonsiño, o seu único fillo, en 1928, Castelao realiza, acompañado da súa dona, unha viaxe a Bretaña co fin de estudar, grazas a unha nova bolsa de la Junta de Ampliación de Estudios, as cruces desa parte de Francia con semellanzas a Galicia.


Desta tarefa realizada ao longo de catro meses o Museo custodia a memoria manuscrita presentada ese ano á Junta para la Ampliación de Estudios, a numerosa correspondencia, sobre todo postais, que mantivo cos seus amigos e, sobre todo, o conxunto de cincuenta debuxos do *Álbum de Bretaña* e os cento vinte e oito debuxos que ilustraron o libro *As cruces de pedra na Bretaña*, publicado nese mesmo ano polo Seminario de Estudos Galegos.






Debuxos do *Álbum de Bretaña*
1929
Lapis /papel

A xente, as cruces, as igrexas e algunha paisaxe, protagonizan o conxunto de 50 debuxos deste álbum.





Debuxos orixinais publicados no libro *As cruces de pedra na Bretaña*
1929
Tinta a pluma / papel

Se ben o estudo das cruces de Galicia e Bretaña son os máis extensos, garda tamén o Museo os testemuños doutros traballos no eido da investigación e representación do patrimonio cultural galego, como as colaboracións coa Sociedad Arqueológica de Pontevedra, representacións de petróglifos, ou os debuxos dos escudos de Rianxo.



Mosteiro de Acibeiro
1924
Carbón / papel





Estela de Ouzande

A estela antropomorfa de Ouzande (A Estrada), que atopou e debuxou, converteríase no motivo dunha das súas numerosas viñetas humorísticas. A peza sería entregada en 1928 á Sociedad Arqueológica de Pontevedra polo seu sogro Camilo Pereira.

Castelao e o cartelismo



Iniciando o percorrido pola marxe esquerda da segunda sala exponse unha mostra do labor que Castelao despregou na realización de carteis publicitarios nos que se aprecia, unha vez máis, a pegada que deixou a súa viaxe de 1921 por Francia, Bélxica e Alemaña. Así se pode observar especialmente no cartel co que anuncia en 1922 o seu libro *Un ollo de vidro*; no cartel que fixo en 1924 para publicitar o xornal *Galicia*, inspirado na figura de catro ollos que admirara da pintora rusa Natalia Gonchorova que formaba parte da exposición de artistas rusos que visitara en París en 1921, ou , finalmente, nun dos carteis de 1936 a prol do Estatuto de Autonomía, no que aparece a vaca que está a ser muxida.







Neste cartel representa, simbolicamente, Galicia como unha vaca que está a ser alimentada con tenrura pola súa xente mentres que o goberno central, representado como un personaxe burgués, recolle o beneficio do seu leite.

O motivo ten a súa orixe no debuxo da páxina 147 do *Diario de 1921* e o referente máis próximo no debuxo da serie "Cousas da Vida" publicado no xornal *Faro de Vigo* o 12 de febreiro de 1933 co pé "Si pensas que debe seguir muxindo a vaca quén non lle dá de comer, sigue boicoteando o Estatuto".

Aínda que non está exposto, conta o Museo co segundo cartel que o artista, convertido xa en líder do galeguismo, creou para acadar o voto favorable ao Estatuto de Autonomía. Nel recorre ao debuxo nº 46 do *Álbum Nós* ao que lle cambia o lema, substituíndo "A nosa Terra non é nosa, rapaces" por "Para que a nosa Terra sexa nosa Vota o Estatuto".




Os carteis son un exemplo, entre outros moitos, da actividade de Castelao como deseñador gráfico que abarca caracteres tipográficos, elementos decorativos, ex libris, logotipos de institucións, cubertas e ilustracións de libros e revistas. Entre estas a revista *Nós*, nacida a partir da conversa que mantivo en Pontevedra, en xullo de 1920, con Vicente Risco, Losada Diéguez e Ramón Cabanillas.

Castelao púxolle o título e foi o director gráfico desta publicación ilustrada que se editaría desde o outono dese ano ata 1936, normalizando o uso da lingua galega e dando a coñecer a personalidade de Galicia a través de todas a manifestacións culturais e científicas.



Bosquexo dun reberete decorativo para a revista *Nós*
Ca. 1926
Tinta / papel



Deseños publicados nas cubertas dos números 2 e 3 da revista *Nós*
1920
Tinta / papel

Os álbums de guerra

Outra colección excepcional que poden contemplar as persoas que estean a visitar a segunda sala son os álbums de guerra, un conxunto de debuxos estremecedores realizados durante a contenda civil orixinada a partir da sublevación militar contra a República producida o 18 de xullo de 1936.

Nas eleccións daquel ano Castelao fora elixido deputado na coalición da Fronte Popular da que formaba parte o Partido Galeguista. Estaba en Madrid, onde acudira como membro da comisión que asistiu ao Congreso para entregar ao seu presidente o relatorio do Estatuto de Galicia, cando se produciu o levantamento militar e xa non puido regresar a Galicia, unha das zonas controladas polos sublevados.

De Madrid marcharía a Barcelona e logo a Valencia onde, ante o avance da fronte da guerra, se trasladou a capital da República. En Valencia, en 1937, creará e publicará dous dos

seus tres álbums de guerra, os que denominou *Galicia Mártir* e *Atila en Galicia*. Neles representa, con escenas de gran dureza, a represión violenta levada a cabo en Galicia polo bando antidemocrático sublevado, da que el se está a librar e da que serían vítimas algúns dos políticos que o acompañaran en diferentes actos e mesmo en Madrid, de onde regresaran a Galicia desoíndo o seu consello.

É posible que tamén fose en Valencia onde iniciara a creación de *Milicianos*, o seu terceiro álbum, aínda que non se publicaría ata o ano seguinte en Nova York.

Diante dos trinta e un debuxos orixinais que compoñen estes tres álbums, as persoas que os contemplan, ademais de reflexionar sobre o seu contido, poden apreciar as diferenzas coas obras que o artista realizara con anterioridade. Observarán que non son os debuxos lineais que se asemellaban a gravados, senón creacións que, aínda que feitas a augada e tinta chinesa coma eles, presentan efectos pictóricos. Tamén poden apreciar como os debuxos que forman parte dos dous primeiros álbums son diferentes aos do terceiro en canto ao propio tema e ao seu modo de realización.

Todos levan un texto manuscrito ao pé aínda que este non é tan necesario como nas series anteriores pois as imaxes son suficientemente expresivas. Son tamén sensiblemente máis concisos.

GALICIA MÁRTIR

Foi editado polo Ministerio da Propaganda en febreiro de 1937 en Valencia, cunha dedicatoria "Aos galegos que andan pol-o mundo". Os pés manuscritos en galego preséntanse tamén traducidos ao castelán, francés e inglés, coa finalidade de que as persoas de países distantes puidesen coñecer a violenta represión exercida en Galicia.

En catro destes debuxos hai referencias a Galicia na representación de elementos propios da súa paisaxe, como unha aldea ao lonxe en medio das formas redondeadas do seu relevo, un cruceiro, un hórreo ou as árbores podadas xa empregadas noutras creacións que contribúen a aumentar o dramatismo da escena.





Debuxos do álbum Galicia Mártir
1937

As imaxes de *A derradeira lección do mestre*, *Superviventes* e *Queiman, rouban e asasinan no teu nome!* foron así mesmo reproducidas entón en tres selos de correos.

ATILA EN GALICIA

Os dez debuxos orixinais expostos constituíron o álbum publicado en xullo de 1937 polo Comité Nacional de la CNT.

Son, coma os debuxos de *Galicia Mártir*, obras nas que se denuncia a represión fascista levada a cabo, se cadra, aínda cunha maior crueldade, pero nelas apenas hai referencias paisaxísticas á terra galega.

Os textos son igualmente concisos e, ademais dos idiomas xa citados no álbum anterior, publicáronse tamén en sueco.

Castelao exporía os debuxos deste álbum e os de *Galicia Mártir* no Museo de Arte Occidental Moderno na cidade de Moscova, na viaxe que desde finais de abril a finais de maio realizaría á Unión Soviética, formando parte da delegación cultural enviada a aquel país polo Ministerio de Estado.





Debuxos do álbum Atila en Galicia.
1937

Na viaxe de regreso, no canal de Kiel o 27 de maio, a bordo do *Coopertzia*, como na viaxe de ida, escribiría ao seu amigo Rodolfo Prada a carta manuscrita que conservamos, na que lle dá conta do éxito da exposición da súa obra e lle relata a grata impresión que lle produciu a URSS.

De novo en España, partiría para Nova York coa misión política propagandística de dirixirse á colonia española, sobre todo á galega, para recadar fondos para a República. Saíu desde o porto francés de Le Havre a bordo do transatlántico *Ille de France* o 20 de xullo de 1938.

MILICIANOS

En Nova York publicaría en agosto de 1938 os once debuxos que forman o álbum *Milicianos*, nunha edición costeada polo Frente Popular Antifascista Gallego.

Nel o artista sinala que quería "relembrar os primeiros meses da guerra cando a heroica tolería do pobo coutou a marcha dos militares e dounos o tempo para crear o Exército da República".



Debuxo do álbum Milicianos
1938

Neste senso hai que lembrar que ao comezo da Guerra Civil contribuíra, con outros deputados e políticos galegos, a crear as "Milicias galegas", un batallón que combateu na defensa de Madrid formado por voluntarios procedentes de Galicia, maioritariamente por segadores que foran recoller a colleita nos campos de Castela.

Algúns destes debuxos debían estar realizados, cando menos, en marzo dese ano pois Castelao expresa nunha carta ao Subsecretario de Propagada do Ministerio de Estado, datada en Barcelona o día 28, o seu desexo de visitar os emigrantes galegos residentes na Arxentina, país onde desenvolvería o seu proxecto de propaganda republicana. Nesa misión sinala, entre outras cousas, que xunto aos debuxos de Galicia Mártir e Atila en Galicia "expondría otros dibujos de una serie que he comenzado para exaltar el heroismo y el sacrificio del pueblo español".

Os debuxos expresionistas de *Milicianos* invitan o espectador a involucrarse na escena, a tomar partido. Son debuxos que presentan un contraste tonal moito maior que os dos álbums editados en Valencia. Neles non hai trazos



Debuxo do álbum Milicianos
1938

liñais nin gradacións de grises. Ademais dos efectos pictóricos como luz, sombra, trazo, volume, apréciase o compoñente matérico propio da pintura ao óleo.

Nalgúns poden observarse erros nas proporcións, se cadra realizados adrede coa finalidade de aumentar o seu carácter expresionista, pero probablemente motivados polas dificultades visuais que padecía, como el mesmo relata nalgunha ocasión ou o fai a súa dona Virxinia Pereira.

Aínda que o espectador non o poida ver, pois o ocultan os paspartús do enmarcado, as cartolinas sobre as que están pegados estes debuxos mostran os textos, que el mesmo escribiu, en castelán e en inglés.

Os debuxos de negros e outras creacións

realizadas en Cuba e Nova York

Desde os EEUU, onde fora coa encomenda política de dirixirse á colonia española, sobre todo á galega, para recadar fondos para a República, Castelao trasladaríase temporalmente a Cuba convidado pola Hermadad Gallega. O seu obxectivo era acadar apoios á causa republicana e axudar ao sector galeguista nas eleccións ao Centro Galego da Habana. Entre novembro de 1938 e febreiro de 1939 percorrerá a illa dun extremo ao outro.

Pronunciará a conferencia "Galicia e Valle Inclán" que volverá repetir en momentos posteriores (o arquivo do Museo garda un exemplar autógrafo desta intervención) e publicará na *Revista*

Bimestre Cubana o debuxo da cabeza de Valle Inclán no seu leito de morte, que tamén conserva o Museo. O célebre escritor, do que era amigo e o que caricaturizara en diferentes ocasións, falecera en Santiago de Compostela o 5 de xaneiro de 1936. El fixera entón un apuntamento da súa imaxe e fora un dos portadores do seu cadaleito no enterro celebrado no cemiterio de Boisaca.



Tamén publicará debuxos en diferentes xornais cubanos nos que pide a axuda para a República española.

En Cuba realiza a serie *Debuxos de negros*, persoas discriminadas das que se sente irmán e defensor. Son debuxos realizados a pincel e tinta chinesa nos que representa instantes da vida destes homes e mulleres e capta a súas expresións e os seus movementos, sobre todo dos grupos que están cantando e bailando.

Xa de regreso nos Estados Unidos conclúe esta serie. Alí realiza *Negriño en Nova York*, un debuxo no que reflicte a marxinación do protagonista, deixando ver tamén con el o desarraigo que sente o artista na cidade dos rañaceos.

Pola súa amizade cos grupos de Harlem e a defensa destas persoas grandemente marxinadas, Castelao foi nomeado Presidente de Honra da Federación Mundial de Sociedades Negras.





Obras da serie Debuxo de negros
1939



Negriño en Nova York
1939

Ao finalizar a Guerra Civil, co trunfo do bando sublevado, Castelao non pode regresar a España e xa non goza da súa condición legal de deputado para residir nos EEUU. Non conta tampouco con medios económicos para subsistir, polo que trata de marchar para a Arxentina coa axuda do seu amigo e protector Rodolfo Prada que residía alí. Non o conseguirá ata o 28 de xuño do ano seguinte cando, despois de múltiples atrancos e grazas á súa condición de antigo residente –estivera emigrado de neno– parte de Nova York a bordo do *Argentina* para dirixirse a Bos Aires, a Galicia do outro lado do mar onde vivían multitude de emigrantes galegos e algúns exiliados.

Nos EEUU quedarían moitos dos debuxos protagonizados por persoas de pel negra, malvendidos, segundo conta o seu creador, ante a penuria económica que estivo a pasar e a necesidade de cartos para trasladarse á Arxentina.

“Os meus compañeiros”

e outras obras no exilio arxentino

O 18 de xullo de 1940 desembarca en Bos Aires recibido por unha multitude de persoas que o agardaban, como sucedera o día anterior na última escala do *Argentina* no porto de Montevideo, onde fora saudado pola colectividade galega.

Desta época, ademais de rematar algunhas obras xa mostradas en apartados anteriores, como *Os vellos non deben de namorarse*, ou *As Cruces de Pedra en Galiza*, exponse un dos cadros da serie “Faunalia”, un debuxo a lapis cunha escena de romaría, un debuxo de nenos xogando e sobre todo, case que enchendo a derradeira parede da segunda sala, os debuxos da serie que chamou *Os meus compañeiros*.



A familia do cego
1940



Cegos á porta da Hermida
1941



Como na parábola de Pieter Brueghel
1941



O cego
1941

Os meus compañeiros son catro debuxos dun tamaño grande e dun notable realismo, realizados a lapis, nos que dispón en primeiro plano, sobre unha paisaxe que identificamos como galega pero que el non está a ver, as figuras de persoas cegas ocupando case toda a altura do cadro.

O título do conxunto obedece ás doenzas oculares que padecía e padecera. Tivera crises moi importantes en 1914 e 1927 que o fixeron temer pola perda de visión e motivaran que neses momentos deixase de pintar e debuxar e, se cadra, contribuíran tamén ao abandono da pintura ao óleo.

A admiración pola obra de Pieter Brueghel, que mostrou en moitas das súas creacións, queda patente nestes debuxos e dunha forma singular no motivo e o título dun deles, o inspirado no cadro *A parábola dos cegos*. Nel o gran pintor holandés do s. XVI representara o dito de Xesús recollido no Evanxeo de san Mateo: "Se un cego guía a outro cego os dous caerán na mesma fochanca".

Durante a súa estadía en París na viaxe de 1921, Castelao pegou unha postal deste cadro na páxina trinta e dúas do seu diario e escribiu á súa beira uns comentarios de admiración cara a el, en oposición aos que lle dedicou á arte vangardista que tamén estaba a contemplar na capital francesa. Vinte anos despois crearía a súa propia interpretación das palabras de Xesús recollidas por Mateo e homenaxearía a Brueghel titulando a obra *Como na parábola de Pieter Brueghel*.

Os debuxos da serie *Os meus compañeiros* son as últimas grandes representacións dunha temática que protagonizou moitas creacións de Castelao desde os seus inicios como artista. Dela conserva o Museo diversos exemplos, así como os lentes que foi utilizando, un elemento característico da imaxe que nos ofreceu de si mesmo.



Fauno
1941
Técnica mixta / papel



Romaría
1943
Lápis-augada / papel



Rolda de nenos
1943
Tinta-augada / papel

Ao principio da súa estadía en Bos Aires Castelao colaboraría coa Editorial Atlántida ilustrando algúns libros da colección infantil e xuvenil Billiken, faría os murais do bar restaurante La Casa de Troya (perderíanse pouco tempo despois cando se traspasou este establecemento) e pintaría en 1945 o óleo *A derradeira lección do mestre*, a partir do debuxo do mesmo título do seu álbum *Galicia mártir*. Con todo, a actividade artística diminuiría en favor da tarefa política que agora ocuparía a maior parte do seu tempo e iría adquirindo a súa maior dimensión: presidente do Consello de Galiza, especie de goberno galego no exilio instituído en 1944, ministro do Goberno da República no exilio presido por Giral en 1946.

Castelao líder do galeguismo

Ademais da súa actividade como artista e escritor, Castelao realizará a partir de 1931 unha intensa actividade política que o levaría de ser un dos líderes do galeguismo a converterse no grande referente do nacionalismo galego no exilio.

Do período que abarca desde a súa presentación a deputado nas eleccións ás Cortes constituíntes celebradas o 28 de xuño de 1931, nas que obtivo o escano, ata as eleccións celebradas o 18 de febreiro de 1936, en que de novo sae elixido – foi candidato da Fronte Popular pola provincia de Pontevedra que obtivo máis votos– o Museo conserva fotografías de mitins e diferentes actos, propaganda electoral, insignias, cartas, anteproxectos do estatuto, recortes de prensa, apuntamentos manuscritos de intervencións parlamentarias e impresións políticas, circulares do Partido Galeguista, artigos que publicou co seu pensamento político no que se vai distanciando dalgúns dos seus antigos compañeiros galeguistas máis conservadores que se apartaron para crear a Dereita Galeguista de Pontevedra.



Mitin de Lira
5 de febreiro de 1933

Son numerosísimos os mitins nos que participou Castealo como líder galeguista, dos que informou a prensa da época, algúns moi concorridos, fundamentalmente para os períodos das eleccións ao Congreso e para acadar o Estatuto de Autonomía de Galicia.

Deste conxunto de testemuños como "artista politizado", que así se definiu entón nunha das súas intervencións nas sesións do Congreso dos Deputados, exhíbense as súas insignias da Segunda República Española, as do Partido Galeguista e o álbum da homenaxe que se lle tributou en Lugo o 19 de xuño de 1932.



Insignias da Segunda República e do Partido Galeguista que pertenceron a Castelao



Acto de homenaxe celebrado en Lugo o 19 de xullo de 1932

A imaxe recolle o momento no que Castelao está a recibir de mans do presidente da Deputación o álbum coas firmas das persoas que o apoian como desagravio polo artigo publicado contra el no xornal madrileño *El Imparcial* por defender o Estatuto de Autonomía de Cataluña



Álbum de firmas

Con placa de prata na cuberta, este caderno contén trece follas con 270 sinaturas, entre elas deputados, alcaldes, cargos institucionais, artistas e escritores, asociacións profesionais, membros do Seminario de Estudos Galegos... Figuran, ademais, organizados por concellos, os nomes das persoas que non puideron asistir e que lle mostraban deste xeito a súa adhesión.

> Alexandre Bóveda escribe nel: "Irmán Castelao: N-iste dia de tanto sacrificio pra-a vostede, eu sinto unha fondísima ledicia ao ver ao seu redor a toda a nosa Terra, rendéndolle o tributo de ademiración que tánto merece"

Da etapa no exilio arxentino, onde foi recibido como o gran referente político galego na defensa de Galicia e da República, conta o Museo con fotografías, cartas, manuscritos autógrafos e mecanografados con riscadas, orixinais dalgúns discursos... e, como unha xoia do seu pensamento e testamento político, conserva e expón o exemplar manuscrito do libro que publicaría en 1944 co título *Sempre en Galiza* pero que en principio se ía titular *Co pensamento posto en Galiza*.

Naquela "Galicia ideal", así se refería a Bos Aires, publicou artigos en diferentes revistas, protagonizou distintos actos, presidiu o Consello de Galicia desde a súa creación en 1944 e pronunciou múltiples discursos, sobre todo con motivo das conmemoracións do referendo do Estatuto de Autonomía de Galicia, a execución de Alexandre Bóveda e o Día de Galicia.



***Co pensamento en Galiza*, 1943.** Orixinal manuscrito do libro que, finalmente, publicaría ao ano seguinte co título de *Sempre en Galiza*

Sempre en Galiza. Buenos Aires: Edición As Burgas, 1944. Exemplar dedicado ao autor polo Centro Ourensán

Lentes e estilográfica que pertenceron a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao

Esta actividade política levaríao en 1946 a París, ao ser nomeado ministro no Goberno da República no exilio, ata que, ao ano seguinte, coa dimisión do seu presidente, José Giral, perde o seu cargo e, esvaecidas definitivamente as esperanzas de volver a Galicia, embarca en Marsella de regreso a Bos Aires no *Campana*, o trasatlántico no que fixera a viaxe de ida ilusionado co restablecemento da República.

En Bos Aires falecerá o 7 de xaneiro de 1950 no sanatorio do Centro Gallego. Non se puido recuperar da intervención cirúrxica que lle fixeran para quitarlle a grande dor do cancro de pulmón sen posibilidade de cura que se comezara a manifestar en París e se confirmara o ano anterior.



Castelao na Biblioteca do Centro Ourensán de Bos Aires (1949)

Nesta fotografía realizada por Eduardo Blanco-Amor vese a Castelao desmellorado pola enfermidade que se comezara a manifestar dous anos antes en París e que agora se confirma: cancro de pulmón.



Fotografía do cemiterio de La Chacarita

O 9 de xaneiro sería enterrado no Panteón Galego do cemiterio de La Chacarita, despedido por unha multitude de persoas que lle tributaban o seu recoñecemento e a súa admiración.

Anexos

Como reuniu o Museo as obras de Castelao que conserva?

Ao pouco de abrir as súas portas ao público, Castelao depositou para exhibir nas súas salas as once obras que se mencionaron ao inicio desta guía ás que logo, ao remate da Guerra Civil, se incorporarían tamén como depósito o amplo conxunto que o artista tiña na súa vivenda en Pontevedra, incautado polas autoridades da ditadura para garantir o pago da multa polas súas responsabilidades políticas. En sucesivas ocasións o Museo, alegando que estes bens deberían incorporarse directamente ao Patrimonio do Estado, conseguiu deter os procesos de puxa ao que se quixo someter este patrimonio, logrando finalmente que se depositasen nel de forma definitiva. Posteriormente negociou con Virxinia Pereira, viúva de Castelao, e Josefina e Teresa Rodríguez Castelao, irmás, a compra e a renuncia destas aos seus dereitos en favor do Museo.

Por outra parte Virxinia Pereira, no seu afán de manter viva a memoria e a obra do seu marido, legou ao Museo á súa morte en 1969 unha serie de obxectos persoais e un conxunto de obras moi relevantes entre as que sobresaen a serie *Os meus compañeiros*, o óleo *Fauno*, os figurinos para Ballet galego, *Rolda de nenos*... e, sobre todo, os *Álbums de guerra*. Con estes últimos cumpriríase o desexo expresado polo seu creador que os deixara para a súa custodia na Arxentina ao seu amigo e protector, Rodolfo Prada, co propósito de "facelos chegar ao Museo de Pontevedra cando se restablecesen as liberdades en España e Galiza gozase de plena autonomía", razón pola que os recibiría o Museo en abril de 1981, xa aprobado o Estatuto de Autonomía de Galicia.

Enriqueceron a colección as doazóns de persoas que co seu xesto quixeron contribuír a manter unida e difundir a obra do persoeiro ao que tanto admiraban e co que, eles ou os seus familiares, mantiveron unha relación de amizade. Así, entre outras doazóns, chegaron procedentes dos herdeiros de Álvaro Gil a serie *Debuxos de negros*, a segunda versión manuscrita de os *Vellos non deben de namorarse* ou os debuxos orixinais publicados no libro *As cruces de pedra na Galiza*.

Completaríanse os fondos coas compras que, na medida que lle foi posible ao longo do tempo, foi realizando o Museo, sempre disposto a engrandecer a súa colección con obras que non estivesen suficientemente representadas na evolución creativa do que, ademais de artista, escritor e político, fora un dos persoeiros impulsores da súa creación e membro do seu primeiro padroado. O cume neste eido de compras foi a recente adquisición dos debuxos orixinais do *Álbum Nós*.



Datos biográficos

Médico que non quixo exercer a medicina –"estudiei medicina por amor a meu pai pero non a exercín por amor á humanidade", gustáballe dicir–, funcionario, profesor de debuxo, debuxante e pintor, ilustrador, escritor, político galeguista... todas estas actividades foron desempeñadas por Alfonso Daniel Rodríguez Castelao ao longo da súa vida, as máis delas simultaneamente, e case que todas deixaron a súa pegada na súa faciana creativa.

Recoller a súa extensa biografía alongaría as páxinas desta publicación divulgativa polo que se van mostrar so algúns dos feitos relevantes, sen facer polo tanto referencia a todas as publicacións nas que se mostraron os seus debuxos, as súas creacións literarias e os seus escritos; a todas as exposicións nas que participou; á gran cantidade de libros que ilustrou; ás conferencias que impartiu; aos mitins e actos políticos nos que interveu; ás entidades e actividades culturais coas que colaborou ou contribuíu a crear...

Velaquí, pois, unha pequena escolma:

1886 Nace o 30 de xaneiro en Rianxo.

1895 Emigra a Arxentina coa súa nai para reunirse co seu pai que partira ao pouco de nacer o neno.

1900 Regresa a Galicia cos seus pais e as súas irmás.

1903 Conclúe o bacharelato en artes e inicia os estudos de medicina.

1908 Expón na mostra colectiva do II Salón de humoristas no Salón Iturrioz de Madrid.

1909 Conclúe en xuño a licenciatura en Medicina.
Medalla de ouro na Primeira Exposición Regional de Arte Gallega en Santiago.
Envía obras ao III Salón de Humoristas de Madrid.

1910 Comeza a exercer a medicina en Rianxo.
Colabora no xornal conservador *El Barbero Municipal* como deseñador e ilustrador.

1911 Pronuncia o 29 de xaneiro por primeira vez a conferencia "Algo acerca de la caricatura". Faino en Vigo na sociedade cultural La Oliva. Volverá falar deste tema en conferencias posteriores, mesmo en Madrid. Publicaraa por primeira vez en 1913.

1912 Casa con Virxinia Pereira Renda na Estrada. Oficia a cerimonia o seu amigo, o cura e poeta Antonio Rey Soto.
Reside en Rianxo coa súa dona. Alí exercerá por breve tempo a medicina.

1913 Perde a visión e é operado.

1915 Realiza os tres óleos de gran formato representando cegos, que se expoñen na actualidade no edificio Castelao, para o Hotel Balneario de Mondariz.

Prepara en Madrid as oposicións a funcionario do corpo de estatística.

Participa na exposición Nacional de Bellas Artes de Madrid conseguindo a terceira medalla polo tríptico *Cuento de Ciegos*.

1916 O 15 de xaneiro toma posesión en Pontevedra da praza de funcionario de Estatística nas oficinas situadas no antigo convento de San Francisco. Nesta cidade instálase coa súa muller e o seu fillo. Comeza como Profesor Axudante de Debuxo no Instituto de Pontevedra.

Pinta os óleos de grandes dimensións *El emigrante* e *La vuelta del emigrante* para o Nuevo Café de Vigo.

1917 Pinta *La tentación Colombina*, outro óleo de gran formato para o Café Royalty de Pontevedra.

Traballa na constitución das Irmandade da Fala de Pontevedra.

1918 Comeza a súa colaboración no xornal madrileño *El Sol* que durará ata 1922.

Ante a gravidade sanitaria producida pola epidemia de gripe solicita permiso para ausentarse do seu posto de traballo coa finalidade de exercer a medicina en Rianxo.

Asiste como representante da agrupación da Irmandade da Fala de Pontevedra á I Asambleia Nazonalista celebrada en Lugo.

1919 Publica *Peito de lobo* en *A Nosa Terra*.

Pronuncia un discurso durante a II Asambleia nazonalista Galega.

1920 Expón do 2 ao 22 de marzo por primeira vez os debuxos do *Álbum Nós* no Salón de Artesanos da Coruña. Do 22 de maio ao 10 de xuño exhibiranse na Casa de Galicia en Madrid.

Asume a dirección artística da Revista *Nós* que se publica por primeira vez en Ourense o 30 de outubro.

1921 Inicia unha viaxe de estudo por Francia, Bélxica e Alemaña como pensionado pola Junta para Ampliación de Estudios.

1922 Publica *Un ollo de vidro*.

Participa como delegado da Irmandade da Fala de Pontevedra na IV Asambleia Nazonalista Galega celebrada en Monforte onde se produce a escisión. Castelao alíñase con Vicente Risco, Otero Pedrayo e Antón Losada Diéguez creando a Irmandade Nacionalista Galega.

Deseña a cabeceira do xornal *Galicia. Diario de Vigo* que publica o primeiro número 25 de xuño e desde entón sairá diariamente un debuxo seu .

1923 Co inicio da ditadura de Primo de Rivera os debuxos que Castelao publica no xornal *Galicia* deben pasar a censura.

1924 Pronuncia o discurso de ingreso no Seminario de Estudos Galegos co título "O novo espirito da arte". Tamén deseña a imaxe gráfica desta institución e dirixirá a sección de Arte e Literatura.

Comeza a traballar no estudo das cruces e cruceiros de Galicia.

1925 Deseña o logotipo da Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra, institución que contribuíu a crear e na que participa. Chegará a presidila de 1929 a 1932.

1926 É designado membro da Real Academia Galega.

Deseña os panos para a actuación da Coral Polifónica de Pontevedra que da o seu primeiro concerto no Teatro Principal da cidade.

Publícase *Cousas* editado por Lar.

Inicia a súa colaboración no xornal *Faro de Vigo*.

1927 Sofre unha nova crise na súa doenza ocular que provoca que non poida debuxar durante meses.

Participa na fundación do Museo de Pontevedra e é elixido membro do seu padroado.

1928 Falece o seu único fillo Alfonso, o 3 de xaneiro, cando só contaba trece anos. Paraliza durante un tempo a súa actividade pública e artística.

1929 Publícase o segundo libro de *Cousas* editado por Nós cos debuxos e relatos que compuxera desde 1926.

Emprende a viaxe a Bretaña acompañado pola súa dona Virxinia Pereira para estudar durante catro meses as cruces e cruceiros daquela

parte de Francia con similitudes con Galicia. Aproveita para ir a París á consulta do oftalmólogo Víctor Morax.

1930 Asiste a VI Asambleia Nazonalista na Coruña.

O Seminario de Estudos Galegos edita *As cruces de pedra na Bretaña*.

Sae *Cincoenta homes por dez reas*, o libro que recolle cincuenta dos debuxos da serie *Os homes* que fora amosando no xornal *Galicia*.

1931 Publica o *Álbum Nós*. Sae a venda por 25 pesetas.

Proclamada a II República, Castelao traballa con outros membros do Seminario de Estudos Galegos no anteproxecto do Estatuto de Autonomía.

Participa activamente na campaña electoral dando mitins en diferentes lugares de Galicia.

É nomeado presidente do Consello Executivo do Grupo Nazonalista de Pontevedra nacido o 1 de xuño.

Sae elixido deputado pola minoría galeguista da provincia de Pontevedra nas elección ás Cortes Constituíntes do 28 de xuño.

Intervén no Congreso dos deputados en diversas sesións, debatendo sobre a Constitución da República, defendendo o idioma galego ou tratando sobre as condicións para formular o Estatuto de Autonomía de Galicia.

Intégrase no Partido Galeguista de Pontevedra cando se crea este na VII Asambleia Nazonalista celebrada en Pontevedra o 5 e o 6 de decembro.

1932 Acto de homenaxe en Lugo como desagravio polo artigo publicado contra el por *El Imparcial* por defender o Estatuto de Autonomía de Cataluña.

Viaxa a Barcelona con Otero Pedrayo invitados por Maciá.

1933 Fala en varios mitins en prol do Estatuto de Autonomía para Galicia

Remata o 9 de abril a colaboración con *Faro de Vigo*.

É nomeado Secretario político do Partido Galeguista.

Nas eleccións xerais do 19 de novembro o Partido Galeguista non consegue ningún escano.

1934 Pronuncia o 25 de xullo o discurso de ingreso na Real Academia Galega, da que fora nomeado membro o ano anterior.

Publica a novela *Os dous de sempre*.

Instálase en Badaxoz como consecuencia dun traslado administrativo, en realidade é un desterro encuberto que padece por motivacións políticas.

Publica *Retrincos*.

1935 Reincorpórase ao seu posto de traballo en Pontevedra en setembro.

Viaxa coa súa dona, Virxinia Pereira, á Exposición Universal de Bruxelas.

1936 Sae elixido deputado nas eleccións lexislativas do 16 de febreiro. Participa activamente na campaña en pro do Estatuto que obtería o si o 28 de xullo.

Está en Madrid o 18 de xullo cando se produce a sublevación militar contra a II República. Xa non poderá regresar a Galicia.

Viaxa a finais de outubro a Barcelona onde participa na saída da revista *Nova Galiza*. De alí trasládase a Valencia.

1937 Realiza en Valencia os álbums de guerra *Galicia Mártir* e *Atila en Galicia*.

1938 Viaxa á URSS formando parte dunha delegación cultural que de finais de abril a finais de maio percorre o país.

Despois de regresar a Barcelona parte o 20 de xullo para os EEUU. En Nova York editaría *Milicianos*, o último dos seus tres álbums de guerra. Desde os EEUU viaxa a Cuba o 11 de novembro. Na illa caribeña, entre outras actividades, traballa na serie de debuxos de negros .

1939 Parte o 25 de febreiro de regreso a Nova York.

Entrevístase en Hollywood con artistas da asociación de axuda á República Española.

Realiza *Negriño en Nova York* e remata a serie de debuxos de negros que comezara en Cuba.

1940 Superados múltiples atrancos, o 28 de xuño embarca no porto de Nova York no *Arxentina* rumbo a Bos Aires. Alí é recibido o 18 de xullo por unha gran multitude.

Pinta as acuarelas da serie *Faunalia* e inicia a colaboración coa editorial Atlántida ilustrando libros.

1941 Debuxa a serie *Os meus compañeiros* iniciada o ano anterior.

Estrea o 14 de agosto *Os vellos non deben de namorarse* no Teatro Mayo de Bos Aires.

Pinta os murais do bar restaurante La Casa de Troya que se perderían pouco tempo despois cando se traspasou este establecemento no que tiña participación

1942 Está a escribir a terceira parte do que será o libro *Sempre en Galiza*.

Galeguistas da Arxentina e Uruguai, que están a traballar na defensa dos dereitos de Galicia, ante a posibilidade de restaurar a República cando os aliados gañasen a II Guerra Mundial, sufragan os gastos do fogar de Castelao para que non dependa doutras actividades alleas á política. A pesar dos desexos que expresara en Nova York de poder dedicarse á arte, a política converterase na súa principal actividade.

1943 Pinta *Romaría* e *Rolda de nenos*.

Fala ante 50.000 persoas no mitin celebrado o 18 de abril no Stadium Centenario de Montevideo.

1944 Publica *Sempre en Galiza* o 10 de marzo. O 2 de xuño pronuncia un discurso, no banquete co que a colectividade galega o homenaxea pola edición desta obra. Nel reivindica a súa personalidade política en oposición a aqueles que, segundo manifesta, só queren resaltar as súas calidades artísticas, para desvalorizar a súa ideoloxía política.

Asina xunto a José Antonio Aguirre e Carlos Pi Suñer o manifesto do que sairá *Galeuzca*.

É nomeado Presidente do Consello de Galicia.

1945 Pinta *A derradeira lección do mestre*, un óleo sobre táboa realizado a partir do debuxo do mesmo título do seu álbum *Galicia mártir* publicado en Valencia en 1937. Nel homenaxea ao seu amigo e compañeiro no Partido Galeguista Alexandre Bóveda fusilado en 1936.

Colabora con deseños e artigos coa revista *Galeuzca* que se publicará desde agosto deste ano a xullo de 1946 en Bos Aires. Nela escriben destacados intelectuais e políticos e españois exiliados en distintos países.

Finalizada a II Guerra Mundial coa vitoria aliada, acode á primeira reunión que as cortes republicanas celebran en México o 7 e o 8 de novembro. Desde alí viaxará á Habana e a Nova York.

1946 Nomeado Ministro sen carteira do goberno da República no exilio, presidido por José Giral, trasládase a París pensando que aquela sería a súa residencia antes de poder regresar a Galicia.

Padece as privacións e as dificultades da capital francesa despois da guerra e ten os primeiros síntomas dunha doenza que o levará á morte.

1947 Coa caída do Goberno Giral, deixa de ser ministro e regresa a Bos Aires, onde pode gozar durante uns días da compaña do seu amigo Otero Pedrayo que fora convidado polo Centro Gallego.

1948 Pronuncia o 25 de xullo o discurso *Alba de Gloria*, unha obra cume na súa oratoria.

1949 Confírmase a gravidade da súa doenza: cancro de pulmón, extremadamente doloroso.

Asina en decembro os exemplares especiais de *As cruces de pedra na Galiza*. Non sairá publicado ata agosto do ano seguinte.

1950 Falece o 7 de xaneiro no sanatorio do Centro Gallego.

O 9 de de xaneiro ten lugar o enterro multitudinario no panteón galego do cemiterio da Chacarita.

Bibliografía

Dar a coñecer a obra e a figura de Alfonso Rodríguez Castelao foi un obxectivo que desde sempre quixo cumprir o Museo de Pontevedra, contribuíndo cos seus fondos á realización de mostras e publicacións organizadas por outras institucións e realizando publicacións e exposicións propias. A divulgar este rico legado do que é posuidor, quere contribuír esta publicación, a última das editadas por esta entidade que ademais de diversos artigos publicados na súa revista, *El Museo de Pontevedra*, editou unha serie de obras que se recollen entre as que figuran na seguinte escolma bibliográfica:

Baltar Domínguez, R. (1979). *Castelao ante la medicina, la enfermedad y la muerte*. Vigo: Bibliófilos gallegos.

Barcia Lago, M. (2000). *O Colexio de Avogados de Pontevedra no decurso histórico do Galeguismo: estudio introductorio ó Expediente xudicial de responsabilidades políticas de Castelao*. Pontevedra: Colexio Provincial de Avogados de Pontevedra.

Beramendi, X. G. (2016). A ideoloxía do primeiro Castelao. En *Castelao Artista. Os fundamentos do seu estilo (1905-1920)*, pp. 26-39. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.

Carballo Calero, Mª V. (1985). *Os Castelaos de Ourense*: Caixa Ourense.

Carballo Calero, Mª V. (2000). Castelao ilustrador e grafista. En *Castelao. Exposición 50 aniversario*, pp. 63-72. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.

Carballo Calero, Mª V. (2016). Caricatura e debuxo de humor. En *Castelao Artista. Os fundamentos do seu estilo (1905-1920)*, pp. 63-79. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.

Castaño García, X. M. (1998). A Estrada na obra gráfica de Castelao. En *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural,* pp. 81-115. Fundación Cultural da Estrada, Museo M. R. Portela.

Castaño García, X. M. (1999). *A obra de Castelao no Museo de Pontevedra. Guía didáctica*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.

Castaño García, X. M. (2013). Arte e paisaxe na obra de Castelao. *Galegos, 19*, II

Castaño García, J.M. (2014). *Castelao e os cegos, no Museo de Pontevedra* [Vídeo en liña] dispoñible en https://www.youtube.com/watch?v=gCIWwLE7yCg

Castaño García, J.M. (2015). *Castelao e a emigración, no Museo de Pontevedra* [Vídeo en liña] dispoñible en https://www.youtube.com/watch?v=43bsppKS7Mc

Castaño García, J.M. (2016). *Castelao e a composición da paisaxe* [Vídeo en liña] dispoñible en https://www.facebook.com/MuseoPontevedra/videos/1147865641929114/?__so__=channel_tab&__rv__=all_videos_card

Castaño García, J.M. (2016). *Castelao actor* [Vídeo en liña] dispoñible en https://www.facebook.com/MuseoPontevedra/videos/1128441703871508/?__so__=channel_tab&__rv__=all_videos_card

Castelao, A. D. R (1917). *Algo acerca de la caricatura*. Pontevedra: Establecimiento Tipográfico de la Viuda de Landín.

Castelao, A. D. R (1919). *Arte e Galeguismo*. A Coruña: Tip. de El Noroeste.

Castelao, A. D. R. (1922). *Un ollo de vidro. Memorias d´un esquelete*. Ferrol: Col. Céltiga, Col. mensual ilustrada, nº 7.

Castelao, A. D. R. (1926). *Cousas*. A Coruña: Lar.

Castelao, A. D. R. (1926). *Segundo libro de Cousas*. A Coruña: Nós.

Castelao, A. D. R. (1930). *As cruces de pedra na Bretaña*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos.

Castelao, A. D. R. (1930). *Cincoenta homes por des reás*. A Coruña: Nós.

Castelao, A. D. R (1931). *Nós*. Madrid: Hauser y Menet.

Castelao, A. D. R. (1934). *Os dous de sempre*. Santiago de Compostela: Nós.

Castelao, A. D. R. (1950). *As cruces de pedra na Galiza*. Buenos Aires: Nós.

Castelao . «Diario». Viaxe a Francia, Bélxica e Alemania 1921. (1986). Edición facsímile. Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra.

Catálogo (1986). *Castelao, 1986-1950*. Madrid: Ministerio de Cultura.

Catálogo (1975). *LXXXII Exposición (IIª adicada a Castelao). Castelao «Os homes» e «As mulleres»*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.

Catálogo (1975). *LXXXVII Exposición (IVª adicada a Castelao). Castelao, pintor*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.

Catálogo (1999). *Castelao e as cruces de pedra*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.

Catálogo (2000). *Castelao e o teatro. Escenografías*. Pontevedra-A Coruña: Museo de Pontevedra.

Catálogo (2004). *Castelao en Bretaña*. Pontevedra: Museo de Pontevedra

Catálogo (2016). *Castelao Artista. Os fundamentos do seu estilo (1905-1920),* Pontevedra: Deputación de Pontevedra.

Catálogo (2016). *Meu Pontevedra. Castelao 1916-1936*, Pontevedra: Museo de Pontevedra.

Catálogo (2017) *Castelao grafista. Pinturas, dibujos, estampas*, Madrid: Real Academia de Bellas Artes de San Fernando, Fundación MAPFRE, Fundación Gonzalo Torrente Ballester.

Catálogo (2020). *Galicia, de Nós a nós*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, educación e Universidade. Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Congreso Castelao (1986). *Actas congreso Castelao*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Fundación Castelao.

Durán, J. A. (1972). *El primer Castelao. Antología y biografía rotas (1910-1916)*. Madrid: Siglo XXI de España Editores S.A.

Durán, J. A. (1976). *Castelao en "El Sol"*. Madrid: Akal.

Fajardo, M. (2020). *A vida incerta. Biografía de Virxinia Pereira*. Pontevedra: Concello de Pontevedra.

Filgueira Valverde, J. (1986). Castelao e o Museo de Pontevedra. *El Museo de Pontevedra,* XL: Pontevedra.

Fortes Alén, Mª. J. (Coord.). (2017). *Cartolatría. Epistolario Sánchez Cantón - Filgueira Valverde, 1926-1943*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.

González Pérez, C. (1982). *Os nosos humoristas: Castelao*. Ediciós do Castro: Sada

González Pérez, C. (1986). *Castelao: caricaturas e autocaricaturas*. Ediciós do Castro: Sada

López Vázquez, J. M. B (1989). Castelao. Raemaekers e o Álbum Nós, en J. G. Beramendi y R. Villares (Eds.), *Actas del Congreso Castelao*, *1*, pp. 555-556. Santiago de Compostela: Fundación Castelao-Universidade de Santiago.

López Vázquez, J. M. B. (2000). O debuxo en Castelao. En *Castelao. Exposición 50 aniversario*, pp. 24-38. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.

López Vázquez, J. M. B. (2014). El influjo de la estampa japonesa en la pintura gallega. En C. Fernández Martínez (Coord.) y J. M. Monterroso Montero (Dir), *La huella impresa: textos e imágenes para una historia del arte gallego: Opus Monasticorum VIII*, pp. 265-289. Santiago de Compostela: Alvarellos.

López Vázquez, J. M. B. (2016). Castelao, pintor antes da exposición do Álbum Nós. En *Castelao Artista. Os fundamentos do seu estilo (1905-1920)*, pp. 41-62. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.

Martínez Vilanova, F. (2000). Cor, forma e pensamento na arte de Castelao. En *Castelao. Exposición 50 aniversario* (p. 73-82). A Coruña: Fundación Caixa Galicia.

Monterroso Devesa, X.M. (1987). *A emigración en Castelao*. Montevideo: Patronato da Cultura Galega.

Neira Vila, X. (1983). *Castelao en Cuba*. Ediciós do Castro: Sada

Paz Andrade, V. (1982). *Castelao na luz e na sombra*. Ediciós do Castro: Sada

Porta Martínez, P. (1985). *Castelao e Souto en Valencia*. Ediciós do Castro: Sada

Seoane, L. (1984). *Castelao artista*. Ediciós do Castro: Sada

Seixas Seoane, M. A. (2017). Castelao y la gente de color en EE.UU. y Cuba. En M. Fernández-Cid (Dir. y Cord.), *Castelao grafista. Pinturas, dibujos, estampas*, pp. 285-300. Madrid: Real Academia de Bellas Artes de San Fernando, Fundación MAPFRE y Fundación Gonzalo Torrente Ballester.

Seixas Seoane, M. A. (2019). *Castelao. Construtor da nación*. Tomo I 1886-1930. Vigo: Galaxia.

Seixas Seoane, M. A. (2020). *Castelao. Construtor da nación*. Tomo II 1931-1939. Vigo: Galaxia.

Tilve Jar, Mª. A. y Castaño García, J. M. (2017). *Meu Pontevedra. Castelao 1916-1936*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.

Valle Pérez, X. C. (1989). Castelao e as cruces de pedra, en J. G. Beramendi y R. Villares (Eds.), *Actas del Congreso Castelao*, *1,* pp. 593-60. Santiago de Compostela: Fundación Castelao-Universidade de Santiago.

Valle Pérez, X. C. (1999). *Castelao e as cruces de pedra*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.


Valle Pérez, X. C. (2000). Castelao e o teatro. Notas ó abeiro das súas propostas para a escenografía de «Os vellos non deben de namorarse». En *Castelao e o teatro. Escenografías*. Pontevedra-A Coruña: Museo de Pontevedra. Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Valle Pérez, X. C. (2016). Castelao artista: os fundamentos do seu estilo. En *Castelao Artista. Os fundamentos do seu estilo (1905-1920)*, pp. 19-26. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.

Valle Pérez, J. C. (2020). Castelao: a viaxe de 1921. Francia, Bélxica e Alemaña. Orixe, desenvolvemento e consecuencias. En L. Cochón y L. Caamaño Pérez (Eds), *Cadernos Ramón Piñeiro, XLII,* pp. 265-288. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Vozal, V. (2017). Castelao imágenes de la Guerra Civil. En M. Fernández-Cid (Dir. y Cord.), *Castelao grafista. Pinturas, dibujos, estampas*, pp. 219-264. Madrid: Real Academia de Bellas Artes de San Fernando, Fundación MAPFRE y Fundación Gonzalo Torrente Ballester.

Salas do Museo



SALA 1

1.1 Autocaricatura

1.2 *A familia*, 1910

1.3 *El tonto del pueblo* e *Hache pesar*, 1911

1.4 *O cego de Padrenda,* Ca. 1910

1.5 *A dona do Pazo,* Ca. 1912-1915

1.6 Retrato de Basilio Álvarez, Ca. 1914

1.7 Tres óleos de cegos para o Hotel balneario de Mondariz, 1915

1.8 *Moza galega, Mendiño, Guía da danza de espadas, O cego de Taragoña, Mariñeiro cego, Gaivotas, Cons.*

1.9 *Escenas de café*, 1921

1.10 *Asceta*

1.11 *Retrato de home*

1.12 *Pai e filla. Ría de Pontevedra. Portando redes, O Paraño, Picariños, O castiñeiro do Val*


1.13 *O cachoupo, Cruceiro, Vento mareiro, O viático, O neno das pi*ñas, Penedos, Terras de montaña

1.14 Vitrina con: Autocaricatura coa súa dona e caricaturas de Losada Diéguez, Vicente Risco, Ramón Cabanillas; ex libris; publicacións das súas conferencias "Algo acerca de la caricatura", "Arte e galeguismo"; caixa de gubias e mostras do traballo coa técnica do linóleo; tapa da caixa das súas pinturas; deseños para as Sociedades Filarmónica e Polifónica e a revista Nós; Álbum da homenaxe de Lugo; insignias do Partido Galeguista.


1.15 *Un tonto de aldea*, 1914

1.16 *O carballo do Quinteiro*, Ca. 1922

A Ría, Ca. 1922



SALA 1



SALA 2

2.1 Debuxos preparatorios e versións do *Álbum Nós*

2.2 51 debuxos do *Álbum Nós*

2.3 Carteis

2.4 *Álbums de Guerra*

2.5 Serie *Debuxos de negros* e outras obras realizadas en Nova York e Cuba

2.6 Debuxos publicados en 1925 en *Galicia. Diario de Vigo* (Serie *Os homes*)

2.7 Debuxos do primeiro e segundo libro de *Cousas*

2.8 Ilustracións orixinais, manuscritos de *Os dous de sempre* e exemplar especial coloreado a man

2.9 *Un ollo de vidro*

2.10 Ilustracións orixinais, manuscritos e debuxos preparatorios de *As cruces de pedra en Bretaña* e *As cruces de pedra en Galiza*

2.11 Debuxos coloreados para ballet galego

2.12 Debuxos coloreados para *Os vellos non deben de namorarse*


2.13 Máscaras

2.14 Manuscrito orixinal de *Sempre en Galiza*

2.15 *Fauno*

2.16 Serie *Os meus compañeiros*

2.17 *Romería*, 1943



SALA 2



Vista parcial da sala 1



Espazo de exhibición do *Álbum Nós*



Vista parcial da sala 2



Vista da sala 2 desde outro punto



ESTE LIBRO
SAÍU DO PRELO O 30 DE DECEMBRO
DE 2021, DÍA NO QUE SE
CONMEMORABA O 94 ANIVERSARIO
DA FUNDACIÓN DO MUSEO DE
PONTEVEDRA